



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Edificio Administrativo San Caetano. Bloque 3 -2º
15781-SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00



CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A CONSELLERIA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN MARCO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS, DIDÁCTICAS E DE DIFUSIÓN

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, D. Román Rodríguez González, actuando en representación da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en virtude do seu cargo de conselleiro, en exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, así como o artigo 7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Doutra, D. _____, como director e representante legal da Fundación Museo de Arte Contemporánea de Vigo (en adiante Fundación Marco), en virtude do poder outorgado na acta núm. 13 da reunión do Padroado celebrada o 17 de novembro de 2005.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante o presente convenio de colaboración e por tanto,

EXPOÑEN

Primeiro: Que a Xunta de Galicia asume a xestión das funcións sobre o patrimonio cultural en virtude do Real Decreto 2434/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, de acordo co establecido no artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1.16 da Constitución Española, ámbito desenvolvido na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

Segundo: Que a Fundación Marco, ten como obxectivos, segundo consta nos seus Estatutos Fundacionais, a realización de actividades culturais de investigación, educación, formación, conservación, exhibición e difusión da arte e a cultura contemporánea, con particular atención a produción artística da Comunidade Autónoma galega, así como a estatal e internacional, mediante a adquisición, conservación, estudo, exposición e interpretación educativa de fondos, ó tempo que impulsa a estimulación da sensibilidade na sociedade da cultura en xeral.

Terceiro: A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, dentro dos seus ámbitos de competencias amósase receptiva a todas aquelas iniciativas culturais que teñan por obxecto a protección e conservación do noso patrimonio cultural.

No estado de gastos da Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2017 figura unha dotación a favor da Fundación Marco.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Edificio Administrativo San Caetano. Bloque 3 -2º
15781-SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00

galicia

Cuarto: Para tal efecto e dado o interese coincidente de ámbalas dúas partes, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a Fundación Marco, coñecedoras da importancia que ten a colaboración mutua en materia de conservación e protección do noso patrimonio cultural, subscriben o presente convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira: definición do obxecto

É obxecto do presente convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación Marco, a colaboración no desenvolvemento da programación anual de actividades expositivas, culturais, didácticas e de difusión no Museo de Arte Contemporánea para o ano 2017:

- Exposición “Ánxel Huete. Unha revisión crítica”
- Exposición “Alén dos xéneros. Prácticas artísticas e feministas en Galicia”
- Exposición “Carolina Bonfim. 90 movementos sobre TECHNOGYM G6508D. Ciclo problemáticas. Artistas no relato incompleto”
- Exposición “Mulleres do Silencio. De Maruja Mallo a Ángela de la Cruz”
- Exposición “A timidez da copa das árbores”
- Exposición “Anexo Marco”

De acordo co artigo 26 da Lei de subvencións de Galicia, para o outorgamento desta axuda non é posible promover a concorrência pública, xa que no estado de gastos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017 figura unha dotación a favor da Fundación Marco, dado o marcado carácter singular das actividades subvencionadas, que non as vai desenvolver ningunha outra institución coa proxección nacional e internacional do Marco e, por outra, resulta de utilidade pública tanto pola diversidade de sectores poboacionais coma polo número de persoas que participan nelas.

Segunda: achega económica

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, contribuirá con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma para o exercicio 2017, na seguinte contía e aplicación orzamentaria:

- **Importe:** 100.000,00€
- **Aplicación orzamentaria:** 10.21.432A.781.3

Seguindo os límites establecidos no artigo 53 do Regulamento (UE) nº 651/2014, da Comisión, de 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado, será compatible a percepción doutras axudas para o mesmo proxecto do resto da administración da Xunta de Galicia e organismos dependentes, así como doutras administracións públicas e entidades públicas, sempre que a intensidade da axuda non exceda do 80% dos custes subvencionables.



Terceira: obrigas do beneficiario

O beneficiario comprométese a:

- Contratar os medios humanos, técnicos e materiais necesarios para o axeitado desenvolvemento dos traballos, de acordo coa lexislación de contratos do sector público, na medida na que resulte de aplicación.
- Executar, no prazo de vixencia do presente convenio, as actividades obxecto do mesmo e non alterar o destino da achega.
- En todo o material gráfico e divulgativo que se realice do proxecto, incluírase a imaxe institucional da Xunta de Galicia, como entidade colaboradora.
- A efectuar a xustificación de gasto na forma preceptuada neste convenio.
- O beneficiario está obrigado a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración de acordo co establecido no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- O beneficiario consente expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo co artigo 16 da Lei de subvencións de Galicia.
- O beneficiario deberá dar cumprimento ás obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.
- No caso de Fundacións de Interese Galego, de acordo co artigo 38.3 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, con anterioridade ás sinatura do convenio, será requisito indispensable atoparse ao día no cumprimento das obrigas de presentación das contas do padroado, o cal se acreditará cunha declaración responsable do órgano competente da entidade, segundo o modelo que se xunta como Anexo III.
- En base ao establecido no artigo 1 do Regulamento (UE) nº 651/2014, da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas incompatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado, con anterioridade á sinatura do convenio, deberá acreditar que non está suxeita a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión previa da Comisión que teña declarada unha axuda ilegal e incompatible co mercado interior, así como que non se atopa en crise.
- Comunicar á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a obtención de subvencións e axudas para a mesma finalidade que a do presente convenio, procedentes de calquera outra Administración Pública ou de entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.
- Deberá acreditar estar ao corrente de pago das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e non ter pendente de pagamento débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

A aceptación desta subvención implica, de ser o caso, a autorización á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para solicitar as certificacións acreditativas de que se



atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, de 9 de decembro, do imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e outras Normas Tributarias, e demais disposicións de aplicación.

- Admitir as inspeccións e controis que establezan os servizos técnicos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- O beneficiario ten a obriga de prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.

Ademais son obrigas do beneficiario todas as establecidas polo artigo 11 da Lei de Subvencións de Galicia.

Cuarta: comisión paritaria

Noméase unha comisión mixta de seguimento e control integrada por dous membros de cada unha das dúas partes. Esta comisión será a encargada de solucionar as controversias que se poidan suscitar na interpretación do convenio.

Quinta: xustificación dos investimentos

Gastos subvencionables

Considéranse subvencionables os gastos que, sendo considerados coma investimentos reais nos códigos que definen a clasificación económica dos gastos públicos, respondan de xeito indubidable á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período de vixencia do convenio. Consideraranse subvencionables os gastos realizados dende o 1 de xaneiro do 2017 ata a data límite de vixencia do convenio.

O recoñecemento da axuda á Fundación Marco de Vigo nunha norma con rango de lei, supón que todas as actividades realizadas pola entidade con posterioridade á aprobación dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia, se encontren amparadas pola previsión do artigo 6 do Regulamento (UE) nº 651/2014, da Comisión, do 17 de xuño de 2014. A sinatura do presente convenio de colaboración, non é mais que a formalización da axuda prevista nos orzamentos.

Os gastos subvencionables corresponderanse cos vencellados á realización das actividades obxecto do convenio: produción das obras, transporte, montaxe e desmontaxe, seguros, rotulacións, difusión fotográfica, desprazamentos e honorarios de artistas e comisarios, edición de textos e imaxes, deseño e impresión de catálogos, agás na exposición “Alén dos Xéneros” na que se exceptuarán os gastos de honorarios dos artistas.

Os tributos son gastos subvencionables cando o beneficiario da subvención os aboa efectivamente. En ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda.



De acordo co artigo 29.2 da Lei de subvencións de Galicia, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de vixencia do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, para o contrato menor, a entidade deberá de solicitar un mínimo de tres ofertas de diferentes provedores con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, servizo ou subministración de que se trate, agás, que polas súas especiais características non exista mercado suficiente de provedores ou que o gasto fose realizado con anterioridade á data de sinatura de concesión da subvención, o cal deberá de quedar acreditado na documentación xustificativa que se achegue para o percepción da axuda.

Documentación a presentar

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase electronicamente a través da sede electrónica da Xunta de Galicia - Carpeta do cidadán da persoa beneficiaria/representante (<https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan>).

Para a percepción da axuda será necesario presentar electronicamente ante a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural a seguinte documentación:

- Unha memoria da actuación, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste acordo, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Unha memoria económica, asinada polo órgano competente da entidade, xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:
 - Unha relación clasificada dos gastos e investimentos, segundo o modelo que se xunta como Anexo I.
 - As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.
 - Extractos ou certificacións bancarias acreditativos do pagamento das facturas que forman parte da conta xustificativa. No suposto de que o xustificante de pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas.
- Declaración de axudas percibidas ou solicitadas para este proxecto, na que se indique entidade concedente, data e importe total concedido (Anexo II).

Na derradeira xustificación, deberá achegarse unha declaración do cumprimento dos límites establecidos no artigo 53 do Regulamento (UE) nº 651/2014, de 17 de xullo, que figuran na cláusula segunda do presente convenio.

O beneficiario/representante responsabilizarase da veracidade dos documentos que presente. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá requirir de maneira motivada a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Edificio Administrativo San Caetano. Bloque 3 -2º
15781-SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00

galicia

Prazo para a xustificación dos investimentos

O prazo máximo para a presentación da xustificación dos investimentos coincidirá co do período de vixencia do convenio.

Pagamento da subvención

O pagamento da subvención realizarase unha vez comprobada a xustificación presentada e a realización do proxecto para o cal se concedeu. O pagamento realizarase pola parte proporcional da contía da subvención efectivamente xustificada.

De acordo co establecido no artigo 53 do Regulamento (UE) nº 651/2014, da Comisión, de 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado, a intensidade da axuda non poderá superar do 80% dos custes subvencionables.

Cando se advirta un exceso de financiamento da actividade subvencionada, respecto do custo do proxecto, a consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria efectuará a dedución polo importe total do exceso, ata o límite da subvención outorgada por ela.

Pagamentos a conta

Poderanse realizar pagamentos fraccionados a conta que responderán ao ritmo de execución das actividades subvencionadas, e aboaranse por contía equivalente á xustificación presentada, ata o límite máximo do 80% do importe total da achega.

A contía restante, aboarase unha vez xustificada a realización das actividades subvencionadas na súa totalidade.

Efectos da falta de xustificación

A falta de xustificación dos investimentos dentro do prazo establecido, determinará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención. De producirse esta situación aplicarase o disposto nos artigos 54, 55 e 56 e seguintes da Lei de subvencións de Galicia.

Sexta: facultades da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través dos seus servizos técnicos, resérvase a facultade de realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos que se concede esta axuda.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, non asume máis obriga que a de achegar a cantidade prevista na cláusula segunda do presente documento. A subscrición deste convenio non leva consigo por si soa relación contractual ningunha cos profesionais que realicen as actividades obxecto do presente convenio.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Edificio Administrativo San Caetano. Bloque 3 -2º
15781-SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00



Sétima: período de vixencia

A vixencia deste convenio será dende o día da súa sinatura ata o **15 de novembro de 2017**.

Oitava: subcontratación e reintegro

A entidade beneficiaria poderá subcontratar totalmente a actividade. En ningún caso poderán subcontratarse actividades que, aumentando o custo da actividade subvencionada, non acheguen valor engadido ao seu contido.

Considérase subcontratación a concertación total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención; quedan fóra deste concepto os gastos nos que ten que incurrir a entidade para a realización de seu da actividade subvencionada.

En todo o non previsto expresamente nesta cláusula para a subcontratación, estarase ao disposto polo artigo 27 da Lei de Subvencións de Galicia e no artigo 43 do seu regulamento.

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos polo artigo 33 da Lei de Subvencións de Galicia.

Novena: notificacións electrónicas

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estarán obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas, e polo tanto, recibir notificacións por canles electrónicas as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen a un intersado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa administración e os empregados das Administracións Públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia – Notifica.gal (<https://notifica.xunta.gal>). Este sistema remitirá á persoa interesada avisos da posta a disposición das notificacións ao dispositivo electrónico e/ou ao enderezo de correo electrónico que se facilite. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación por medios electrónicos entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica no fose posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Edificio Administrativo San Caetano. Bloque 3 -2º
15781-SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00

galicia

Décima: Publicidade

Será de aplicación no relativo á publicidade e rexistro do convenio o disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Asemade procederase á inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 30 da Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio comunicárase á Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Décimo primeira: réxime xurídico

En todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento. Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 53 do Regulamento (UE) nº 651/2014, da Comisión, do 17 de xuño de 2014, as axudas á cultura e á conservación do patrimonio serán compatibles co mercado interior en virtude do artigo 107, apartado 3, do Tratado, e quedarán exentas da obriga de notificación establecida no artigo 108, apartado 3, do Tratado.

As cuestións litixiosas xurdidas da aplicación do presente convenio, e non solventadas en vía administrativa, será resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo segunda: rescisión do acordo

O presente convenio resolverase polo incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.

E en proba de conformidade cos termos do presente convenio, as partes comparecentes asínano e rubrícano por duplicado no lugar e data expresados.

O conselleiro de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria

O director da Fundación MARCO

Román Rodríguez González



Anexo I

MEMORIA ECONÓMICA DO CUSTO DAS ACTUACIÓNS

D/Dña _____ con
DNI _____, en nome e representación da
entidade _____, con
CIF _____

DECLARA

Que os gastos que de seguido se relacionan, teñen relación directa co convenio de colaboración asinado coa
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para _____

Acredor	Nº fra.	Data fra.	Obxecto	Importe	Data pago	Exposición
	Suma dos investimentos					

_____, ____ de ____ de 2017

Sinatura



Anexo II

DECLARACIÓN EXPRESA DE AXUDAS SOLICITADAS E CONCEDIDAS PARA AS MESMAS ACTUACIÓNS E DECLARACIÓN DE NON ATOPARSE INCURSO/A EN NINGUNHA DAS PROHIBICIÓNS PARA OBTENIR A CONDICIÓN DE BENEFICIARIO DE AXUDAS

D/Dña _____ con DNI _____, en nome e representación da entidade _____, con CIF _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

A) Que para a seguinte actuación _____, a devandita entidade solicitou ou obtivo as axudas que se relacionan a continuación:

AXUDAS CONCEDIDAS

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

AXUDAS SOLICITADAS

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

Así mesmo, a entidade comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña para as mesmas actuacións doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

B) Que non se atopa incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas no artigo 10.2 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

E para que así conste ante a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados.

_____, de _____, de _____ de 2017

Anexo III



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Edificio Administrativo San Caetano. Bloque 3 -2º
15781-SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00

galicia

D/Dña _____ con
DNI _____, en nome e representación da
entidade _____, con
CIF _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

Que, de acordo co artigo 38.3 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, se atopa ao día no cumprimento das obrigas de presentación das contas do padroado.

_____, _____, de _____ de 2017

Sinatura



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Edificio Administrativo San Caetano. Bloque 3 -2º
15781-SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00



AUTORIZACIÓN PARA A CESIÓN DE INFORMACIÓN RELATIVA ÁS OBRIGAS TRIBUTARIAS CO ESTADO, COA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E COA SEGURIDADE SOCIAL.

Don/dona:

con enderezo

DNI núm.

en nome propio/en representación de

con CIF núm.

(cumprimentar o que proceda)

AUTORIZA á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia a solicitar a cesión da información por medios informáticos ou telemáticos, sobre a circunstancia de estar ou non ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado así como coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social, para os efectos da percepción da subvención derivada da sinatura deste convenio de colaboración, de acordo co establecido na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e no Real decreto 1720/2007, do 12 de decembro, polo que se aproba o seu Regulamento de desenvolvemento, e a disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

_____, ___, de _____ de 2017

Sinatura



MEMORIA ECONÓMICA E XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A CONSELLERIA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN MARCO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS, DIDÁCTICAS E DE DIFUSIÓN NO ANO 2017

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria é consciente da necesidade de colaborar de forma conxunta con outras institucións en ámbitos de conservación e protección do noso patrimonio cultural. Neste eido está a tramitar a subscrición dun convenio coa Fundación MARCO, para a realización de actividades expositivas, didácticas, culturais e de divulgación no Museo de Arte Contemporánea de Vigo (MARCO).

A Fundación Marco, declarada de interese cultural por Orde o 13 de decembro de 2002 e de interese galego por Orde do 15 de xaneiro de 2003, nace co obxectivo fundacional de converterse nunha plataforma para a proxección de Galicia no exterior. A súa identidade baséase no seu dinamismo e no seu espírito participativo, tarxeta de presentación do museo para os cidadáns e referente ante outros centros de España.

O MARCO non ten colección permanente e funciona como centro de arte contemporánea. O principal obxectivo do museo é comunicar, crear e fomentar hábitos de consumo cultural. A liña de programación do MARCO céntrase en exposicións temporais entorno ás que se desenvolven un conxunto de actividades paralelas e complementarias como o programa educativo, xornadas, seminarios, conferencias, concertos,... O museo ten tres liñas de programación expositiva:

- Unha baseada en mostras pluridisciplinares sobre a arte e a cultura actual.
- Outra que fomenta a investigación, revisións históricas e recuperación de autores ou movementos artísticos galegos.
- Por último, a sala de exposicións do edificio anexo, dedicada á produción de artistas emerxentes.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, achegará a cantidade total de 100.000,00€, con cargo á aplicación orzamentaria 10.21.432A.781.3, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017, para o financiamento das seguintes actividades expositivas:

- Exposición “Ánxel Huete. Unha revisión crítica”
- Exposición “Alén dos xéneros. Prácticas artísticas e feministas en Galicia”
- Exposición “Carolina Bonfim. 90 movementos sobre TECHNOGYM G6508D. Ciclo problemáticas. Artistas no relato incompleto”
- Exposición “Mulleres do Silencio. De Maruja Mallo a Ángela de la Cruz”
- Exposición “A timidez da copa das árbores”
- Exposición “Anexo Marco”

Os gastos subvencionables corresponderanse cos vencellados á realización das actividades obxecto do convenio: produción das obras, transporte, montaxe e desmontaxe, seguros, rotulacións, difusión fotográfica, desprazamentos e honorarios de artistas e comisarios, edición de textos e imaxes, deseño e impresión de catálogos, agás na exposición “Alén dos Xéneros” na que se exceptuarán os gastos de honorarios dos artistas. O custe estimado destas actividades subvencionada que vai a desenvolver o beneficiario ascende a 100.090,00 €.

A Fundación MARCO, xestionará e dirixirá todas as actuacións necesarias para a consecución destes obxectivos, así como a xestión de todos os medios materiais, técnicos e humanos necesarios para o desenvolvemento das actuacións obxecto do presente convenio.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Edificio Administrativo San Caetano. Bloque 3 -2º
15781-SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 54 00



De acordo co artigo 26 da Lei de subvencións de Galicia, para o outorgamento desta axuda non é posible promover a concorrência pública, xa que no estado de gastos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017 figura unha dotación a favor da Fundación Marco, dado o marcado carácter singular das actividades subvencionadas, que non as vai desenvolver ningunha outra institución coa proxección nacional e internacional do Marco e, por outra, resulta de utilidade pública tanto pola diversidade de sectores poboacionais coma polo número de persoas que participan nelas.

Santiago de Compostela, 2 de marzo de 2017

A directora xeral do Patrimonio Cultural

M^a Carmen Martínez Ínsua